

¿COMO O VES?

TEMPORALIZACIÓN: 4 sesións de clase

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

1 UN DIA NA TUA VIDA

Obxectivos: Recoñecer a falta de equidade na distribución das tarefas do fogar entre homes e mulleres. Identificar o concepto de discriminación e relacionalo con o tema.

Descrición: A partir da lectura da redacción, complétanse individualmente os tres primeiros cadros. As dúas preguntas finais trabállanse colectivamente no grupo clase.

Orientacións: Con a introdución á reflexión colectiva, pódese comezar preguntando qué chamou máis a atención do texto lido. Anótanse no taboleiro os resultados do terceiro cadro en tres columnas: 1. Familias nas que as tarefas do fogar son asumidas maioritariamente polos homes; 2. Familias nas que son asumidas maioritariamente polas mulleres; 3. Familias nas que se distribúen equitativamente entre homes e mulleres. Tras comparar os resultados trabállanse as preguntas finais.

Ademais de identificar a discriminación que sofren as mulleres nos propios fogares, é necesario incentivar a reflexión sobre o esforzo e a cantidade de horas que require o traballo doméstico. Así mesmo, é importante xerar o debate sobre a 'responsabilidade compartida' por todos os membros da familia.

2 ¿COMO O VES?

Obxectivo: Identificar a discriminación da muller nas mensaxes publicitarias.

Descrición: A partir da observación das mensaxes publicitarias da portada xérase a reflexión colectiva no grupo clase mediante as seguintes preguntas e actividades: ¿Que produto ofrece e a quen se dirixe cada anuncio? ¿Que che suxiren estas imaxes publicitarias? Fai unha lista coas palabras que che suxeisen as mensaxes publicitarias. ¿Como son as mulleres das imaxes? Descríbeas. Intenta resumir cunha frase a mensaxe que quere transmitir cada anuncio. ¿Cres que existe discriminación da muller na publicidade? ¿Por que? Unha alternativa é traballar os anuncios publicitarios en grupos pequenos e, posteriormente, compartir as conclusións colectivamente.

Orientacións: Unha vez confeccionadas as listas de palabras e a descrición das mulleres que aparecen nos anuncios, establécese unha relación entre ambas as dúas listas: ¿a mensaxe vende a través das 'calidades' do produto ou da imaxe das mulleres? A continuación, intentarase descubrir colectivamente as mensaxes dos anuncios e estes formularanse como apelacións directas ó consumidor ou á consumidora, como, por exemplo, 'rompe a rotina', 'realiza os teus desexos', 'convértese nun regalo de luxo'. O obxectivo da actividade céntrase en descubrir que a publicidade a miúdo outórgalle á muller un papel de 'obxecto' de desexo, pracer, diversión, entretemento, etc., como estratexia para vender un produto. Para complementar este exercicio, e co fin de identificar outros papeis asignados á muller na publicidade, pódese lle propoñer ó alumnado a análise de anuncios de televisión de produtos de limpeza.

3 UNHA HISTORIA DE GUATEMALA

Obxectivos: Identificar e diferenciar situacións de discriminación da muller nun exemplo concreto situado nun país do Sur. Recoñecer a importancia do dereito á participación e á toma de decisións.

Descrición: A partir da lectura da banda deseñada, propóñense preguntas e actividades para traballalas colectivamente no grupo clase. O alumnado fará dúas listas coas actividades que realizan os homes e as mulleres na comunidade Los Limones e contestará as seguintes preguntas: ¿Que opinas sobre a distribución das tarefas nesta comunidade? ¿Que diferencias hai entre as actividades desenvolvidas polas mulleres e as desenvolvidas polos homes? ¿Que importancia teñen estas diferencias?

A segunda parte da actividade consiste nun sinxelo xogo de rol que se pode realizar en grupos pequenos ou no grupo xeral. Ofrécese as argumentacións suxeidas ós diferentes grupos e dáselles un tempo para a análise e a elaboración de novos argumentos. O debate iníciase coa resposta por quen das á pregunta suxeida e darase por finalizado cando se considere conveniente. A modo de conclusión xeral, pódese lle propoñer ó grupo a elaboración dun final alternativo para a banda deseñada.

Orientacións: Preguntas: é importante xerar a reflexión sobre a situación das mulleres do Sur. A sobrecarga das tarefas do fogar veuse agravada pola carencia de recursos económicos e facilidades elementais no fogar (auga, luz, electrodomésticos, etc.). Ó igual cás mulleres do Norte, moitas mulleres do Sur traballan fóra de casa (no exemplo da banda deseñada, traballan no campo nos momentos máis fortes da colleita) e ademais asumen as tarefas do fogar e o coidado dos fillos e fillas. Así mesmo, moitas das mulleres que traballan fóra da casa non teñen recoñecidos os seus dereitos laborais. É importante lograr que o alumnado identifique, nun primeiro nivel de comprensión lectora, a diferenza das actividades realizadas polos homes: ir á escola e participar nas reunións. Ambos os dous temas abordaranse con maior profundidade no xogo de rol.

Xogo de rol: Débese explicitar que o debate realízase entre dous grupos de homes e mulleres e que non se trata dunha discusión de 'mulleres contra homes'. É recomendable facilitar o desenvolvemento da actividade mediante a introdución de preguntas pertinentes que guiñen a reflexión.

Durante o debate, recolléranse no taboleiro os elementos que sexan útiles para a síntese final. Facilitárase a reflexión sobre os diferentes tipos de discriminación que poden sufrir as mulleres. No exemplo traballado, só mellorou a condición de vida das mulleres, posto que o pozo abría tempo e traballo, sen embargo, a súa posición dentro da comunidade segue sendo a mesma. É dicir que: a) as mulleres seguen desenvolvendo a maior parte das tarefas, e b) os homes seguen exercendo o poder da toma de decisións. Non se facilitou a responsabilidade compartida entre homes e mulleres. Como elemento positivo destacárase a organización das mulleres como unha das alternativas para conseguir cambios.

Algunhas ideas...

GRUPO A (SI)	GRUPO B (NO)
<p>Sodes un grupo de mulleres e homes da comunidade. Estadés de acordo coa solución do pozo porque:</p> <ul style="list-style-type: none">- o pozo aforra tempo e esforzo ás mulleres.- Se as nenas teñen máis tempo, é posible que as súas familias as envíen á escola.- Aínda que algunhas persoas non estean de acordo, as decisións comunitarias corresponden ás autoridades. A maioría das mulleres non participan nas asembleas e ningunha muller forma parte das autoridades.- Segundo o costum e da vosa aldea, tanto os homes como as mulleres teñen responsabilidades importantes na comunidade: os homes encárganse do traballo no campo e dos problemas comunitarios e as mulleres do fogar e dos fillos e fillas.	<p>Pensade novos argumentos. Sodes un grupo de mulleres e homes da comunidade. Non estadés de acordo coa solución do pozo porque:</p> <ul style="list-style-type: none">- as mulleres seguen traballando moitas máis horas coos homes: na casa, no horto e, ás veces, no campo.- as autoridades comunitarias non consultaron ás mulleres, que son as principais afectadas.- as mulleres no participan nas asembleas nin forman parte das autoridades por varios motivos: algúns maridos non o permiten, deben coidar os fillos, non lles queda tempo, non saben ler nin escribir.- é verdade que as tarefas do fogar son importantes, por iso deben ser unha responsabilidade compartida entre homes e mulleres.- Pensade novos argumentos.

3 DISCRIMINADAS NO NORTE E NO SUR...

Obxectivos: Sintetizar algunhas ideas básicas a cerca a discriminación da muller.

Reflexionar e posicionarse a favor da equidade e igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Descrición: A actividade consiste nun xogo de simulación no que os alumnos e alumnas, como membros integrantes do Comité sobre a Eliminación da Discriminación contra a Muller, deben elaborar un informe de denuncia.

Orientacións: A partir dos datos proporcionados no apartado 'Algúns datos sobre a discriminación', o alumnado debe identificar diversos tipos de discriminación. Posteriormente, débense propoñer recomendacións que, en función de cada caso, dirixíranse ós diversos actores implicados (gobiernos, familias, sindicatos, organizacións de mulleres, etc.). Coméntaranse os casos atopados e farase unha lista colectiva coas recomendacións. Como a síntese final é importante destacar o concepto de responsabilidade compartida entre homes e mulleres para eliminar calquera forma de discriminación.

GLOSARIO

ACCION POSITIVA

Medidas dirixidas a un grupo determinado, coas que se pretende suprimir e previr unha discriminación ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes (denominadas ás veces 'Discriminación positiva').

ANÁLISE DE XENERO

Estudio das diferenzas de condicións, necesidades, índices de participación, acceso ós recursos e desenvolvemento, control de activos, poder de toma de decisións, etc. entre homes e mulleres debidas ós roles que tradicionalmente se lles asignou.

CAPACITACION (para unha plena participación nos procesos de toma de decisións). En América: «EMPODERAMENTO»

Proceso de acceso ós recursos e desenvolvemento das capacidades persoais para poder participar activamente en modelar a vida propia e a da súa comunidade en termos económicos, sociais e políticos.

Secundaria

¿COMO O VES?



Autora: Sibila Vigna



1 UN DÍA NA TÚA VIDA

Onte, o despertador de meus pais soou ás 7. El e ela erguéronse rapidamente. Mentres meu pai preparou o almuerzo para toda a familia, miña nai puxo a roupa na lavadora. A meu irmán Xulio e a min costounos un pouco levantarnos pero, ó cabo de media hora, xa estabamos duchados e vestidos. Como xa temos moita práctica, en 15 minutos fixemos as camas e recollemos as nosas habitacións. Despois do almuerzo, o meu irmán lavou os pratos e eu varrín a cociña. Ás 8.30 todos estabamos listos para saír. Despois de deixarnos na escola, os meus pais marcharon traballar.

A miña nai é enxeñeira química e o meu pai mestre de preescolares. Aínda que a miña nai gaña máis cartos, ós dous gústalles moito o que fan. Á hora de comer, o meu

irmán e mais eu fomos á casa dos avós. O avó preparara a miña comida preferida: ¡tortilla de patacas e macarróns! Despois de comer, a miña avoa acompañounos á escola no coche porque se nos fixera un pouco tarde.

Cando regresamos á casa pola tarde, meu irmán e mais eu fixemos os deberes e despois xogamos un pouco no ordenador. Mentres tanto, os meus pais continuaban traballando nas tarefas do fogar: o meu pasoulle o ferro a unha morea de roupa e miña nai estivo reparando a lámpada da sala, que romperá o día anterior.

Como os vimos moi cansos, Xulio e mais eu decidimos preparar a cea por sorpresa. Aínda que non nos quedou perfecta, os meus pais puxéronse moi ledos.

Nome: Helena García · 1º B de ESO

Completa a seguinte táboa coas tarefas realizadas por cada membro da familia de Helena. A continuación, completa a táboa adxunta coa distribución de tarefas na túa familia.

A familia de Helena

nai	pai	Helena	Xulio	avoa	avó

A miña familia

		eu			

¿Que similitudes e que diferencias atopas entre as dúas táboas?

Na familia de Helena as tarefas do fogar realízanse maioritariamente:	Na miña familia as tarefas do fogar realízanse maioritariamente:

¿Paréceche xusta a distribución de tarefas na familia de Helena?, ¿e na túa?

Sabías que...

As mulleres españolas dedican sete veces máis tempo ás tarefas domésticas cós homes.
(PNUD: Informe sobre desarrollo humano 1999. Barcelona, 1999)

Busca no diccionario a palabra "discriminación". ¿Cres que nos fogares españoles existe discriminación cara á muller? Argumenta a túa posición.



Antes da construción do novo pozo na comunidade, as mulleres ían buscar auga dos veces ó día e tardaban aproximadamente unha hora e media en cada viaxe. Agora, as mulleres poden aforrar tempo e esforzo. Sen embargo, na comunidade, non todas as persoas están contentas coa solución adoptada. Ti tamén podes participar no debate da comunidade de Los Limones:

¿Cres que a construción do novo pozo é unha solución xusta para as mulleres?



DISCRIMINADAS NO NORTE E NO SUR...

O 75% de todo o traballo realizado no mundo polos homes é remunerado. En cambio, só o 34% do traballo das mulleres conta cunha remuneración. Ademais, cando as mulleres teñen un salario, este tende a ser máis baixo có dos homes. (Sutcliffe, Bob: *100 imáxenes de un mundo desigual*, Intermón Oxfam, Barcelona, 1998.)

Miles de nenas sobreviven en Marrocos como empregadas do fogar, traballando de 12 a 16 horas diarias sen días libres nin vacacións. Os salarios, que cobran os familiares, oscilan entre os 10 e os 22 euros mensuais para as máis pequenas. A súa exclusión da educación e os malos tratos que reciben completan o cadro da situación. (AMD Press: Boletín 220. 19-2-2002. Grupo Tecnipublicaciones.)

A xornada media das amas de casa en España é de 9 horas por día (tomando en conta as mulleres que traballan fóra e as que non); ademais, non se interrompe por fins de semana, vacacións nin jubilación. (Durán, M. A.: *La jornada interminable*, Icaria, Barcelona, 1986.)

No mundo hai 125 millóns de nenos e nenas que non van á escola. as dúas terceiras partes son nenas. (Arias, Marta: *Educación ahora, rompamos el círculo de la pobreza*, Intermón Oxfam, Barcelona, 1999.)


As mozas españolas seguen necesitando unha cualificación superior, como estudos universitarios, para lograr a promoción laboral e o mesmo status có dos varóns que non teñen ese nivel de cualificación. (AMD Press: Boletín 220. 19-2-2002. Grupo Tecnipublicaciones.)

Moitas das maquiladoras e fábricas guatemaltecas continúan esixíndolles ás mulleres un test de embarazo como condición para darlles un emprego. Ademais son numerosas as mulleres despedidas dos seus traballos por teren quedado embarazadas. (AMD Press: Boletín 216. 13-2-2002. Grupo Tecnipublicaciones.)

Unha de cada cinco mulleres europeas sofre ou sufriu violencia doméstica. (AMD Press: Boletín 219. 18-2-2002. Grupo Tecnipublicaciones.)

A participación das mulleres nos cargos de goberno e na política é moi inferior á dos homes. Observa o gráfico. (Fonte: elaborado a partir de datos do Informe Do PNUD 1999.)

Participación das mulleres no goberno por rexións (%)



¡ELIMINEMOS A DISCRIMINACIÓN!

O camiño é longo, pero pouco a pouco vanse conseguindo conquistas a favor dos dereitos das mulleres. Sen embargo, tanto no Norte como no Sur, aínda persisten graves situacións de discriminación.

Os dereitos das mulleres están protexidos: en xeral pola Declaración Universal de Dereitos Humanos e diversas convencións, en particular pola Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, e ademais por todos os homes e mulleres que, coas nosas actitudes, cada día contribuímos a acabar coa discriminación.

DISCRIMINACIÓN: Informe de denuncia

Traballas nas Nacións Unidas e formas parte do Comité sobre a Eliminación da Discriminación contra a Muller. Encargáronche facer un informe de denuncia. Nos datos que tes máis arriba busca un caso exemplo para cada tipo de discriminación. Logo escribe unha recomendación, especificando a quen a dirixes, que contribúa a eliminar a discriminación nos casos denunciados.



Comité sobre a Eliminación da Discriminación contra a Muller

I n f o r m e d e d e n u n c i a

Discriminación no fogar

Caso 1:
Lugar:
Recomendación:

Discriminación educativa

Caso 2:
Lugar:
Recomendación:

Discriminación laboral

Caso 3:
Lugar:
Recomendación:

Discriminación política

Caso 4:
Lugar:
Recomendación:

Data / /

Sinatura do/da experto/a: